

ÍNDICE



| | |
|-------------------------|----|
| EDITORIAL | 1 |
| APTC-CH?..... | 2 |
| MARÍA MARIÑO..... | 4 |
| HABÍA UNHA VEZ..... | 6 |
| NOVAS..... | 15 |
| SAÍDAS..... | 16 |
| CELEBRACIÓNS..... | 21 |
| ACTIVIDADES VARIAS..... | 24 |
| PROXECTOS..... | 28 |
| CONCURSOS..... | 32 |
| DEPORTES..... | 34 |
| HANDCRAFT TIME..... | 35 |
| (TEMPO DE MANUALIDADES) | |

“A trabe”-sía




EDITORIAL

Unha vez máis e coma sempre por estas datas, voltamos a vista atrás para comprobar cómo transcurriu o nosa singladura educativa.

Podemos dicir que foi un percorrido longo pero ameno e enriquecedor, do que neste xornal quedou unho pequena estela da nosa Trabe-sia

“A trabe”-sia



APTC-CH?



TARTA DE MAZÁ

- 1 vaso de azúcre
- 1 vaso de fariña
- 1 sobre de levadura
- 5 mazás
- 5 ovos
- 1 vaso de leite

ELABORACIÓN

Pelamos as mazás e picámolas como se foran para tortilla e botámolas nun recipiente. Mesturamos o azucre, a fariña e a levadura. Noutro recipiente mesturamos os ovos batidos co leite. Untamos o molde co aceite. Poñemos no molde unha capa do 1º, 2º e 3º recipientes e metémolo no forno 45 min.

Cando o desmoldemos, botámoslle unha capa de marmelada



TARTA DE QUEIXO

- 1 l. de nata
- 8 queixiños
- 2 tarrinas de queixo Filadelfia
- 2 vasos de leite
- 3 sobre de callada
- 400gr. de azucre
- Xarope de fresa
- Galletas María

ELABORACIÓN

Mesturar tódolos ingredientes e botalos nun molde para tarta e cubrir por encima coas galletas. Poñelo no forno.

Saberase cando está listo cravando un palillo na mestura, se este sae limpo, estará lista a tarta.

Desmoldala e cubrila co xarope.

“A trabe”-sía



TARTA DE GALLETA

Galletas tostadas
1 sobre de Flanín
 $\frac{1}{2}$ l. de leite
Chocolate para fundir ou
Paladín á cunca
Un chorriño de moscatel
ou viño doce
 $\frac{1}{4}$ l. de auga

ELABORACIÓN

Por un lado mestúrase o leite co Flanín para facer natillas.

Por outro lado fúndese o chocolate.

Mestúrase a auga co viño e quéntase un pouco. Móllanse nel as galletas e ponse unha capa delas nunha bandexa. Ponse unha capa de natillas, e vanse alternando unha capa de galletas e outra de natillas ata 4 ou 5 capas.

Por último cóbrese todo cunha capa de chocolate e decórase


QUEIQUE DE IOGUR

2 iogures
1 vaso de aceite
2 de fariña
1 roial
3 ovos
1 chorro de anís
1 raspa de limón

ELABORACIÓN

O recipiente para medir as cantidades será o vaso do iogur.

Mestúranse todos os ingredientes e métese no forno a 180°



TARTA DE QUEIXO FRÍA

2 tarrinas de queixo Filadelfia
4 Pettite suisse naturels con azucre
1 cullerada de azucre
1 cullerada de leite
1 xelatina

ELABORACIÓN

Bater tódolos ingredientes e engadir a xelatina e metela na neveira

© s nenas e nenas de 3°



“A trabe”-sía

M A R Í A M A R I Ñ O



Nenos e nenas
de 3º

En 1926 a familia trasládase a Escarabote onde coñece a Roberto Posse, co que casa máis tarde.

Xa casados viven en Dodro e Elantxove onde el traballa como mestre, e alí tamén nace o seu primeiro fillo que morre cando só ten un mes. Trasládanse ó Courel, onde viven coa nai dela e onde vivirá ata a súa morte no 1967. Alí teñen de veciño ó escritor Novoneyra . É aquí onde "nace" a nosa escritora, comezando a súa singladura no mundo literario.

Na súa obra refléxase a influencia de Novoneyra e Rosalía. Canta á paisaxe do Courel que a viu morrer e onde foi enterrada e á súa terra natal, Noia

Letras Galegas 2007

Naceu en Noia en 1907.

Era dunha familia humilde e a cuarta de cinco irmáns.

O seu pai era zapateiro e ela traballou, sendo moi nova, como costureira polas casas coma a súa nai



“A trabe”-súa

A SÚA OBRA

NOIA

Campanas que tocaes
Todas do mesmo xeito.
Unhas chegádesme á alma
e outras ó pensamento.

Pobos donde eu vivín!
Algúns eran máis feitos
e queríanme enganar,
mais eu nunca sentín
neles o meu fogar.

O meu fogar téño en ti:
no teu vivir e nas tres pontes
e das campanadas o s toques,
toques que eran pra mín.

Fóra de ti cando as oio,
e sendo o mesmo tocar,
recólloas no pensamento
xa non pasan máis alá.

A PAISAXE DO COUREL

Baixa a aiga, baixa,
tecendo voltas e máis voltas,
facendo caracol sin casa.

Avisa o galo,
a pita nun berro longo fuxe.
A chuvia fala,
peneira o rego.
Casiñas vellas fumean e din:
“Delas son,
delas son”


“A trabe”-sía



H
A
B
Í
A
U
N
H
A
V
E
N

“A serra de madeira”

Un día precioso de sol ía eu na bici moi cedo pola mañá e de súpeto pisei algo. Era unha serra, pero non era unha serra normal, era unha serra de madeira e leveina á



casa. Uns minutos despois, collín a serra e nese momento era normal.




Despois volveuse a transformar e así todo o tempo ata que parou e despois transformouse en



can; Eu quedeime con el e dínlle de comer.


Antón Ramallal Castro
2º curso



“A trabe”-sía

“A escada de xeo”

Había unha vez un home que ía traballar a un taller. Ás costas levaba unha escada.



E cando se facía de noite a escada facíase de xeo.

Un día o home foi ao taller e descubriu que a escada era máxica. Logo foi para a casa a contarllo á súa muller. A muller chamábase Sofía e o home Xosé. Os dous foron para o taller e Sofía deuse conta de que Xosé non mentía.

Entón Sofía e Xosé viviron felices e contentos porque da escaleira saíron moedas de ouro. E foron ricos para toda a vida.




Patricia Balsa
2º curso



“A trabe”-sía



“O misterio da clase de 2º”




Érase unha vez unha clase de 2º que cando ían ao recreo uns xogaban á comba, outros ao fútbol e outros ao escondite. E chegou un día que estaba todo xeado e os nenos intentaban e intentaban darlle calor ao xeo.

Daquela chegou unha maga que se chamaba María e, un neno que se chamaba Antón, pedíulle: “Porfi, desfainos o xeo”

E a maga María dixo: “Si vou desfacelo”

Ao final uns xogaban ao fútbol, outros ao escondite e outros á comba, para non variar.




Patricia Cordal
2º curso

“A trabe”-sía


“O albanel traballador”

Había unha vez un albanel que era moi traballador e sempre tiña clientes. O albanel sempre levaba todas as cousas necesarias: o martelo, a amasadora, a gravilla... e un día olvidárase a pala. Volveu á casa e non a atopou, volveu ao edificio do seu último cliente e díxolle que non estaba alí. E logo foi ao sitio onde tiña que facer a obra e alí estaba no maleteiro do seu coche, porque se esquecera a última vez que a usara. E o albanel púxose tan ledor que empezou a obra.




Abraham García
2º curso

“A trabe”-sía




“O dragón de ouro”

Había unha vez un cabaleiro de prata que vencera a moitos dragóns. E tamén había un dragón de ouro, gardián de mil diamantes ó que o cabaleiro de prata aínda non vencera.



Un día o cabaleiro de prata perdeuse no Labirinto Infernal do Dragón. Logo chegou a unha sala chea de diamantes. De alí a un chisco, chegou o dragón voando. E empezou a batalla entre o cabaleiro de prata e o dragón de ouro.




O dragón non paraba de escupirlle lume. Pero o cabaleiro defendíase co seu escudo. Despois o dragón escupiulle unha lumeada e tirouno ao chan. Logo a espada caeu da man e correu a collela. Nunha destas o dragón matouno coa súa zarpa de ouro.

Ao final, o dragón, despois de gañar a batalla, colleu os seus diamantes e marchou.

Abraham García, Antón Ramallal e Iago Serantes

2º curso



“A trabe”-sía



“A casa de Uxía”

Érase unha nena chamada Uxía que vivía nunha casa moi, moi bonita.

A casa de Uxía estaba diante de tres bonitas montañas.

Un día, os seus pais tiveron que ir de viaxe a Guatemala.

Uxía non quería marchar sen o seu can Puqui.



Ao final, os seus pais deixáronlle levar a Puqui de viaxe.

Cando volveron de Guatemala, os pais deixáronlle a Uxía quedarse na casa dos seus amigos.

Patricia Balsa
2º curso



“A trabe”-sía

UN PAXARO

TRISTE



LUCÍA CHAVES EIJO
4º CURSO

* HABÍA UNHA VEZ UN
PAXARO DE MOITAS CORES,
QUE XOGABA MOI TRANQUILO
CO SEU AMIGO, O SAPO ÁS

AGACHADAS.

CANDO ESTABAN XOGANDO EMPEZOU A CHOVER E O POBRE PAXARO, COA CHUVIA, ÍA QUEDANDO SEN CORES. DAQUELA PREGUNTOULLE AO SAPO QUE PODÍA FACER, E O SAPO DÍXOLLE QUE FORA Á TENDA DA SÚA AMIGA, A RA, PARA QUE LLE PINTARA CON TINTA A SÚA PLUMAXE. PERO HABÍA UN PROBLEMA: A RA SÓ TIÑA TINTA NEGRA E NON ÍA QUEDAR MOI GUAPO.

AO IR CARA Á SÚA CASA ATOPOUSE CO RAPOSO E PREGUNTOULLE QUE PODÍA FACER PARA QUE A COR VOLVESE Á SÚA PLUMAXE. O RAPOSO SABÍA FACER TATUAXES, PERO ISO NON ÍA SERVIR DE MOITO. O PAXARO, XA DESESPERADO POR NON ATOPAR UNHA SOLUCIÓN, PÚXOSE TRISTE.

ANDANDO SEN RUMBO E CAVILANDO NA SÚA DESGRAZA, ATOPOU AO GOLFITO BAÑÁNDOSE NO MAR AZUL. O GOLFIÑO DÍXOLLE QUE EL TIÑA

“A trabe”-sía



TRES ACUARELAS E QUE LLE PODÍA AXUDAR EN ALGO. O PAXARO DÍXOLLE QUE SI, MOI LEDO. O GOLFIÑO EMPEZOU A PINTALO, PERO EMBORRONOUSE TODO E O PAXARO TIROUSE Á AUGA E DESFIXO AQUEL DESASTRE.

DE SÚPETO EMPEZARON A CAER GOTAS DE CHUVIA MENTRES QUENTABA O SOL E... APARECEU O ARCO DA

VELLA. PENSOU QUE QUIZAIS AÍ ESTABA A SOLUCIÓN. CORREU CARA Á TENDA DA RA E MERCOU UN PINCEL. DE SEGUIDO FOILLE PEDIR AO ARCO DA VELLA SE LLE DEIXABA UN POUCO DAS SÚAS CORES. O ARCO DA VELLA, MOI

LEDO, PRESTOULLE AS SÚAS CORES E

O PAXARO SENTIUSE CONTENTO E FELIZ POR RECUPERAR O SEU COLORIDO DE NOVO.




“A trabe”-sía

O CAN QUE NON SABÍA LADRAR

Ariadne Nieto Rego

4º CURSO



Había unha vez un can que non sabía ladrar.

Un día o can saíu a pasear e coñece un gato. O gato díxolle que el sabía ladrar (*pero os gatos non ladran!*)

O gato ofreceuse para lle dar clases

para aprender a ladrar (*Desde cando os gatos dan clases?*) e o can púxose moi contento.

O can foi á súa primeira clase e o gato ensinoulle que, o primeiro, é saber as letras da palabra "gau". Pero o gato non dixo "gau", dixo "miao". O can dixo M-I-A-U e, despois berrou: iiiiiMIAU!!!!!!!

De súpeto apareceron unha morea de gatos. O can dixo: G-U-A-U e, despois berrou iiiiiGUAU!!!!!!! e os gatos marcharon.

Nese momento o can decatouse de que, por fin, aprendera a ladrar e dixo, todo cheo de razón: "gau".

FIN (*Ou como din os cans: "gau"*)



"A trabe"-sía

NOVAS

Neste curso tivemos unhas cantas novidades, algunhas duradeiras e outras pasaxeiras, pero case todas boas. Aquí volas contamos.

A primeiros de curso, amais dos alumnos que empezabamos de novo, comezou tamén no noso centro a profesora de inglés Mary, que cubriu a vacante que deixara Isabel.

De xeito pasaxeiro tamén tivemos outras caras novas, tanto entre os profes (Manuel estivo substituíndo a Laura mentres estivo convalescente dunha costela) coma entre as/os cociñeiras/os (Santiago substituíu a Pilar xa case ao remate do curso). Por aquí pasou Marga, a profe que axuda ós nenos con dificultades; e Cris, a orientadora.

Tamén tivemos novidades entre as cousas, aló polo Nadal trouxéronnos os reis un Encerado dixital, e ordenadores novos para a aula de informática e para as de Infantil para os que seica chegaron tamén xoquetes. E falando dos de Infantil, non vos decatastes de que lles quitaron os columpios?, vaia oh!, menos mal que din que van poñer outros novos. Ben e para rematar cos ruxe-ruxe, din tamén que van ampliar o comedor, xa era hora!, a ver se agora non nos trabucamos de prato...

"A trabe"-sía



S A Í D A S

Como anos anteriores, e este non había ser distinto, fixemos varias saídas ó entorno, algunhas delas son citas obrigadas de tódolos anos. É o caso da recolleita de castañas para o Magosto.



Os nenos e nenas de 1º e 2º fomos recoller castañas a un monte onde están todas polo chan. Logo comémolas no Magosto

Ne@s de 2º



“A trabe”-sía



"A trabe"-sía



TEATRO E LUGO



MURALLA DE LUGO

SCHOOL DAYS



CASTRO DE VILADONGA



En novembro os nenos e nenas de 5º e 6º fomos a Lugo a ver unha obra de teatro bilingüe, en inglés e castelán, "School days". Comemos na Facultade de Veterinaria e vimos a muralla romana de Lugo.

Pola tarde fomos ó Castro de Viladonga onde a guía nos explicou cousas moi interesantes de cómo vivía a xente nesa época.

A visita estaba relacionada co proxecto Comenius deste ano.

...E MÁIS TEATRO



CONCERTO DIDÁCTICO

Os nenos e nenas de Primaria fomos ó Teatro Pastor Díaz, con nenos e nenas doutros coles, a ver un concerto didáctico.

Tocaba un grupo que se chama a Big Band. Ían presentando os distintos instrumentos, de vento, corda, metal,... Tocaron o piano, o clarinete e a tuba, entre outros.

Estivo moi entretido, e todos estivemos moi quietos e calados, por algo din que a música amansa as fieras

Nen@s de 6º



O día 7 de maio, os nenos e nenas de Primaria, menos os de 3º ciclo, fomos ver teatro a Lugo. Titulábase "Esto es mío". Aproximadamente durou 1 hora. A obra facíana dous señores e unha señora. Trataba duns nenos que se meteron nun conto e atoparon un xardín moi bonito.

Cando rematou a obra fomos comer ao restaurante chamado Nova Ruta.

Despois de comer fomos ó parque que hai detrás. Logo de xogar un rato, volvemos ó autobús. Fomos ó cole e chegamos ás catro e media da tarde

Nen@s de 3º

OS ALUMNOS DE 6º NO IES Mº SARMIENTO

O martes 19 de xuño fomos visitar o IES Mº Sarmiento, o cole para o que imos o ano que vén.

Fomos en autobús.

Alí recibíunos Juan, o director, no salón de actos, logo recorremos todo o cole: as clases, o ximnasio, os talleres, a aula de tecnoloxía, a de plástica, etc..

Vimos a outros compañeiros doutros anos e saudámonos.

Despois fomos ao comedor é moi grande. Alí déronnos comida: patacas fritidas, pizza, tortilla, etc.

E tamén bebemos Coca-cola e auga.

Volvemos ao cole en autobús
Pasámolo fenomenal!

José Antonio
5º curso




“A trabe”-sía

MAXIA

Os grupos de 3º,4º,5º e 6º fomos ó teatro Pastor Díaz a ver a uns magos galegos que viñan de xira por toda Galiza. Tamén ían nenos e nenas de outros colexios de Viveiro. Pasámolo moi ben porque estivemos sentados diante de todo e cada vez que escollián a alguén para subir ó escenario, case sempre era do noso cole.

Nen@s de 4º



“A trabe”-sía

CORUÑA


Este ano os nenos e nenas do 3º ciclo fomos de excursión á Coruña.

Alí visitamos a Casa das Ciencias. Había cousas moi divertidas e unha incubadora con pitiños.

Despois fomos ver a Casa dos peixes. Había uns tanques de auga enormes. Queriamos ver o peixe lúa, pero nos contaron que xa non estaba. Abaixo había unha sala e nela parecía como se estivéramos no submarino do capitán Nemo. O que máis nos gustou foron os cabaliños de mar, son moi raros.

Dalí fomos comer ó Centro Comercial Os Rosalés.

Pola tarde fomos á Casa do Home. Alí había moitos aparatos relacionados co home. Eu por exemplo, medín a miña potencia para dar patadas e sentíame nunha bici onde se me vía como un esqueleto.



CASA DAS CIENCIAS



CASA DO HOME



CASA DOS PEIXES



“A trabe”-sia

CELEBRACIÓNS



MAGOSTO



Como tódolos anos, celebramos o Magosto todos xuntos no patio.

Cada clase fixo cucuruchos e gorros de papel periódico e saímos ó patio. Sentámonos por cursos cos nosos profes para comer as castañas e despois xogamos cos amigos.

Nen@s de 4º



HALLOWEEN



Celébrase o 31 de outubro. Lemos moitas lendas típicas como a de Jack'o'larten, que é o nome das cabazas con cara.

Tamén fixemos as cabazas e expuxémolas na entrada.

A que son arrepiantes?

“A trabe”-sía




ENTROIDO

Este ano disfrazámonos da Idade Media. Os nen@s de Infantil eran bufóns de moitas cores e con gorros de picos, e todo o resto éramos damas e cabaleiros. Os de 4º levamos incluso cabalos, antorchas e escudos. Cada clase ía dunha cor distinta.

Fomos en 2 autobuses a Viveiro e desfilamos pola rúa Pastor Díaz. Logo volvemos a Galdo e tamén desfilamos alí.



“A trabe”-sía



NADAL



En Nadal fixemos un festival no que participamos tódolos nenos e nenas do cole. Nós fixemos unha obra de teatro en inglés "Pretty Ritty". Todos os cursos cantamos pansoliñas en galego e inglés. Os nenos e nenas de 1º cantaron unha canción moi coñecida e levaban uns títeres en forma de peixe nas mans.



Na clase de plástica fixemos moitas manualidades relacionadas co Nadal. Cada clase adornou a porta da súa aula e tamén por dentro.

Entre todas as clases adornouse a entrada do cole, e cada clase fixo un adorno distinto. A nós tocounos facer estrelas e puxemos o Belén e un Papá Noel cun saco para as cartas.. Tamén unha árbore feita con tódalas nosas mans.


En inglés fixemos postais, tamén distintas para cada clase, que expuxemos na entradas. Tamén se fixeron ancos con castañas, aproveitando que era época

Nen@s de 5º


"A trabe"-sía



ACTIVIDADES



V A R I A S



SEMANA DA PRENSA

Unha xornalista da Voz de Galicia, Mar García, veu un día e explicarnos en que consiste o seu traballo e cómo funciona un xornal.

Tamén fixemos de xornalistas e entrevistamos ó profe de ximnasia, Luís, que facía de biólogo.

XOGOS COOPERATIVOS

Eran dúas chicas da Oficina de atención o inmigrante/ emigrante do Concello de Viveiro.

A nós puxeron en grupos de 4 ou 5 e nas paredes do ximnasio colgaron letreiros e debuxos e as regras para facer os xogos.

Tódolos grupos tiñamos que facer tódolos xogos e gañaba o grupo que antes os acabara todos

Nenos e nenas 5º

CIENCIA DIVERTIDA

Os nenos de 1º ciclo tivemos un taller onde aprendemos a coidar a natureza e o que non debemos facer.

Había dúas chicas disfrazadas de científicas tolas e facían experimentos e nós tiñamos que probar para saber se a auga estaba contaminada, pero realmente tiña sal, canela ou allo. Non me gustou nada o sabor!

Pasámolo moi ben!

Nenos e nenas de 2º

PLANETARIO

Viñeron dúas chicas e inflaron un planetario que era como un globo azul e grande. Fomos entrando en grupos pequenos de cada vez.

Dentro estaba escuro e sentámonos no chan, entón encendían como unha lanterna especial e víanse as estrelas na parede do globo

Nenos e nenas de 3º



SEMANA DO LIBRO

Fomos ós claustros da Igrexa de S. Francisco a escoitar un contacontos. A sala estaba moi chula, decorada con mobles como os dos debuxos animados, pero de terror, e no pasillo había unha exposición de traballos dos coles

“A trabe”-sía



“A trabe”-sía

CIENCIA DIVERTIDA



ANXO MOURE O CARBALLO CON BOTAS



FESTA FIN DE CURSO



“A trabe”-sía

Tódolos grupos de Primaria fixeron actividades relacionadas co Día da Paz, o Día dos Dereitos Humanos, Día do Pai, Día da Nai,...

Algúns foron actividades de plástica, pero outros foron actividades de concienciación cara a traballar aspectos como a tolerancia, o respecto, ...

Algúns dos traballos son os que aquí se mostran, elaborados neste caso polos nenos e nenas de 1º



"A trabe"-sía



OS DEREITOS HUMANOS

ASÍ OS VEMOS OS NEN@S DE 1º

“A trabe”-sía - PROXECTOS -

COMENIUS

ida e volta

En marzo deste ano tivemos a visita dos nosos socios no proxecto Comenius no que traballamos, “Buildings_ our European ties” Os polacos Lucyna e Janus e os rumanos Ramona e Marius, cos que viñan catro nenos: Dorian, Bogdan, Mónica e Anca, de 4º e 5º cursos.

Neste segundo ano de proxecto traballamos sobre edificios civís e monumentos, castelos, fortalezas, arcos e murallas,... e aprendemos moitos uns sobre os outros

Cos nosos colegas estranxeiros aquí, fixemos moitas visitas: ó Souto da Retorta, á piscina Finca Galea, San Roque, Paseo dos namorados, ó barco-museo de Burela, ó Concello de Viveiro, ó castro de Fazouro e á torre-fortaleza de Pardo de Cela. Tamén fixemos actividades no cole, de matemáticas, inglés, plástica, educación física e deportes





"A trabe"-sía



En maio tocoulles o turno de visita ós nosos profes. Como estaba programado que sería visita de directores, foron don Pepe e Mari, a profe de inglés que veu nova este ano, e o destino foi Rumanía.

Alí volveron ver a Marius, o director da Escola Cu Claselle I-VIII e á profe de inglés, Ramona, que xa estiveran en España este mesmo ano.

Alí visitaron o entorno, Resita, onde está o cole, na zona de Caras-Severin,; Timisoara, unha das cidades máis importantes, viron muíños típicos de madeira,; pobos onde parece que a tranquilidade é un veciño máis,, igrexas de construción moi distinta ás que vemos por aquí.

Coñeceron o cole, e ó resto dos profes e incluso familias dos alumnos.

Leváronlles algúns proxectos que fixemos este ano para que os poñan na súa Comenius Corner, igual que nós temos os deles aquí.

Actualizamos a Comenius Corner que temos na entrada do cole cos proxectos dos compañeiros estranxeiros e os que fixemos nós. Quedáronnos moi ben. Fixemos lendas e contos relacionados cos castelos e a Idade Media, porque Viveiro ten a súa orixe nunha cidade medieval, da que xa só quedan as portas da muralla e a estrutura das rúas. Tamén fixemos a maqueta dun castelo e as dos principais monumentos civís máis coñecidos no mundo: Empire State Building,, Torre Eiffel, Pazo da Ópera de Sidney,,...., que tamén están expostos xunto cun pequeno texto que fala deles en inglés. E tamén temos unha gran maqueta da nosa Porta de Carlos V, que é moi representativa de Viveiro.

Xa vedes, traballamos moito

Nenos e nenas de 6º



“A trabe”-sía

VALORA



Este ano tivemos un novo proxecto no cole polo que fomos premiados, "Somos auga" Está relacionado co medioambiente e pertence ó Plan Valora.

Tivemos variedade de actividades, dende experimentos na clase, ata visitas relacionadas: á praia, á depuradora e á lonxa e fábrica de xeo.

Tamén estase facendo unha charca no patio, que estará rematada o curso que vén e na que haberá bichiños e plantas acuáticas.

Aprendemos moitas cousas sobre a auga como elemento químico, como recurso e como hábitat, incluso para a hixiene persoal.

Fixemos unha exposición no cole onde se conta todo o que vimos e fixemos relacionada co proxecto. Por certo, na exposición tivemos unha peixeira pequena chea de cágados que fomos observando durante días, e na visita á praia de Covas collemos animais mariños que metemos e coidamos na peixeira de auga salgada que temos na entrada

Nenos e nenas de 6º

CONSUMO

“A trabe”-sía



Estes últimos cursos participamos na Rede de Consumo, e facemos moitos traballos relacionados cos proxectos que nos plantexan os profes. O do curso pasado tiña que ver con aparellos que empregamos no pasado e presente para comunicarnos. Fixemos fichas sobre eles, buscamos información e xuntamos uns cantos bastante curiosos e que temos expostos no cole. Por certo, premiáronnos o traballo

Nenos e nenas de 5º

Este ano estivemos preparando traballo sobre os froitos das árbores dos nosos montes e fixemos de todo: manualidades con nozes e castañas, fichas con información, maquetas sobre a conservación do medioambiente, un libriño que os profes chaman unidade didáctica, e contos.

Estas son as fichas que fixemos os de 5º e 6º

Nenos e nenas de 6º



“A trabe-sía”

A MARINA

Voluntarios de Alcoa acondicionaron el área de recreo infantil del colegio de Galdo, en Viveiro



(a voz | viveiro)

Quince trabajadores voluntarios de Alcoa, junto a los profesores dedicaron la tarde de ayer a recuperar parte del área de recreo del colegio santa Rita de Galdo, en Viveiro. La Fundación Alcoa donó al centro educativo 3.000 euros, destinados a los trabajos realizados en el jardín escolar.

Divididos en cinco equipos de trabajo, la lluvia fue clemente durante la tarde y les permitió recuperar la zona de arena del área de infantil y la plantación de hierbas y enredaderas que sirven de pantalla para reducir el impacto visual del tanque de propano que abastece a las cocinas del centro. Trabajaron también en el acondicionamiento de otra zona que incluye un estanque que permitirá en un futuro estudiar la fauna y la flora acuática. Después compartieron una merienda en las instalaciones del centro.

O venres 15 de xuño estivemos de reparacións no patio do cole, pero con axuda de 15 voluntarios de ALCOA.

Axudaron a poñer un areeiro novo no patio, poñer o seto para cubrir un tanque que hai fóra e algún ca outro arregliño. Tamén viñeron profes e nais de nenos do cole a axudar.

Tamén recibimos un donativo da mesma empresa, en dólares, porque é de orixe Norteamérica.

A noticia saíu na prensa na edición local.

ALCOA E OS SEUS VOLUNTARIOS

CONCURSOS

Como tódolos anos, presentámonos a varios concursos literarios e de plástica, entre eles os convocados pola Casa do Mar de Burela, os da Oficina de Atención ó inmigrante/emigrante do Concello de Viveiro,... Por exemplo, no da Once participamos nenos e nenas de 4º e tiñamos que anunciar un aparello útil para personas con dificultade de visión. Os nenos e nenas de 5º traballaron nun patrocinado por Caja España que tiña que ver coa auga. Participamos noutro que tiña que ver con contos clásicos,...

Nalgúns ata levamos premio!!

V PREMIO AGAPEMA DE ARTE E XEOMETRÍA

"A trabe"-sía




La Voz de Galicia
lavozdegalicia.es

El colegio Santa Rita de Galdo gana un premio por impulsar el arte y la geometría

23/06/2007 | A Mariña

La voz | viveiro

El colegio Santa Rita de Galdo ganó el premio Agapema por el impulso del arte y la geometría. Los alumnos de cuarto curso de Primaria, junto con la profesora María del Carmen Pemas Fraga, son los ganadores de este premio Agapema de Arte y Geometría que convoca la Asociación Galega de Profesores de



O grupo de 4º participamos tamén no V Premio Agapema de Arte e Xeometría e gañamos. Viñeron dende Lugo dous membros da asociación e dous representante de Caixa Nova, para entregarnos o premio.

O noso traballo era un móbil do estilo dos móbiles dun artista chamado Calder, e estaba feito en madeira, arame e acetatos. Era unha árbore, "A árbore das contradicións" porque das súas ramas colgaban en equilibrio siluetas brancas e negras que representaban ideas opostas, sobre todo sentimentos : amor/odio, tolerancia/rechazo,... Quedounos moi chulo e téñeno exposto nunha sala cos outros traballos. Tamén aparece a foto na páxina Web de Agapema.

Ah!, por certo, esta vez tamén saímos na prensa

“A trabe”-sía

DEPORTE

COMPETICIÓN DEPORTIVAS.

Este curso participamos no deporte escolar nos dous programas que propoñía a Dirección Xeral para o deporte:

No Programa Deporte na Escola: Actividade Polideportiva-Cultural con un equipo de 3º e 4º de Primaria. Competimos con outros dous equipos dos centros CPR O Pilar e CPR Martínez Otero, émbolos dous de Foz. Os do Pilar vivieron a Galdo e nós fomos ao Martínez Otero. Aínda que a competición estivo reñida e rematámos empatados co primeiro, pasaron eles á fase provincial xa que tiñan mellor resultado na proba cultural. De tódolos xeitos pasámolo moi ben e aprendimos moitas cousas.

No Programa Competición deportiva en idade escolar, participamos en campo a través, onde acadamos moi bós resultados tanto na fase comarcal coma na provincial e en Atletismo, estas últimas competicións celebráronse en Lugo.

A MARINA

El patio más olímpico

Reportaje | Premio para un colegio de la comarca

El Ceip Santa Rita de Galdo fue galardonado por la Xunta por ser el centro público de Galicia con más volumen porcentual de participación en los campeonatos del 2005



(Ignacio Heitán | viveiro)

El Ceip Santa Rita de Galdo, en Viveiro, fue uno de los triunfadores en la gala de los Premios Galicia Deporte 2005, celebrada a principios de mes en el Centro Galego de Arte Contemporánea, en Santiago, y organizada por la Dirección Xeral para o Deporte de la Xunta para premiar a los deportistas, entrenadores, entidades y eventos más destacados del pasado ejercicio.

El centro viveirense, dirigido por José Rodríguez Costa, fue distinguido por su trabajo en favor del deporte en la escuela, siendo el colegio público de Galicia con más volumen porcentual de participación en los campeonatos del 2005. Recogió el premio su profesor de educación física, Luis Ramalal, que es el encargado de preparar a los alumnos para los diferentes campeonatos de atletismo y campo a través, las dos disciplinas que dominan.



A MARINA

Once equipos de la comarca subieron al podio en el Provincial

Adrián Ben, Rubén García y Catalán Dragomir se proclamaron campeones en sus?????? categorías.

La competición reunió a casi medio millar de escolares en el circuito de Viveiro.



(Ignacio Heitán | viveiro)

Los escolares de A Mariña ofrecieron un gran rendimiento en el Campeonato Provincial de Campo a Través celebrado el domingo en el circuito de Lavanderas, en Celeiro (Viveiro), organizado por la Consellería de Cultura e Deporte en colaboración con el Concello viveirense y el C.D. Egoarras. Once equipos marifanos de distintas categorías subieron al podio y tres corredores se colgaron la medalla de oro.

1. Adrián Ben (Santa Rita de Galdo); 2. Martín Prado (Santa Rita de Galdo); 3. Alejandro Vázquez (La Merced) -masculino-; 1. Mara Vía (Franciscanos), Inés Blanco (Tricacos) y Celsa

HANDCRAFT

TIME

"A trabe"-sia



MATERIALS

- Old beige nylon stockings
- Pair of scissors
- Grass seeds
- Sawdust
- Elastic band
- Bowl of water
- Plastic eyes
- Red felt
- Pipe cleaners (optional) -to make a pair of glasses
- glue

METHOD:

- Cut out a 30cm from one leg of a pair of beige nylon stockings
- Tie a knot at one end and turn it inside out
- Place a handful of grass seed inside. This will eventually become the hair
- Fill the rest of the stocking up with sawdust or cotton wool or potting soil. Tie another knot at the top
- Pinch out a nose from the middle of the head and tie it with an elastic band
- Place the head into cold water and let it is completely wet through
- Now put the head onto a dish. Remember the grass seeds are now at the top, as it will grow and become the hair. The nose should be in the middle
- Glue eyes onto the head, just above the nose
- Cut out and stick on the mouth, using the red felt
- If you want you can always add a pair of glasses made out of pipe cleaners



BEE

Materials:

- Empty egg tray
- Glue
- Yellow paint
- Yellow serviette
- Black felt tipped pen
- 1 pipe cleaner, cut in half

Method:

- Cut four small cups from the egg tray.
- Glue the cups together in pairs to form the bee's body.
- Paint the 'body' yellow and leave to dry.
- Cut wings from a yellow serviette and glue onto the body.
- Draw the face and lines on the yellow body using a thick black felt tipped pen.
- Make feelers with pipe - cleaner.

